

NOTA DE PRENSA

Reanúdanse as Xornadas de Concienciación en Ferrol para persoas sancionadas por tráfico

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2016 - Mañá sábado 5 de marzo iníciase a sétima edición das Xornadas de Concienciación en Ferrol, un programa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para condutores e condutoras con sancións por delitos relacionados coa seguridade viaria como alternativa aos tradicionais Traballos en Beneficio da Comunidade. Desenvolverase durante dous meses nas dependencias da Policía Local (Estrada de San Pedro s/n), grazas á colaboración do Concello de Ferrol.

Durante os vindeiros oito sábados, as 24 persoas deste grupo (22 homes e 2 mulleres) participarán nestas Xornadas, que tras cinco anos acollidas polo Concello de Narón, volven celebrarse en Ferrol, de onde proceden a maioría dos asistentes. As Xornadas estarán coordinadas por Eduardo Anoeta e Paula Pereira, profesionais da psicoloxía con ampla experiencia no eido do tráfico. Está previsto que tras este grupo de marzo e abril se poña en marcha un máis este ano na mesma cidade. Ao longo de 2015 participaron 65 persoas nas dúas edicións celebradas en Narón, xunto cun terceiro grupo en Santiago de Compostela.

O programa, que conta co apoio da Dirección Xeral de Xustiza e de Institucións Penitenciarias (Unidades de Medidas Abertas), ten como fin concienciar os condutores e condutoras de que a seguridade viaria depende de todas e cada unha das accións que a nivel persoal e individual en disposición de asumir. Preténdese así diminuír o número de condutas infractoras, así como incrementar a motivación ao cambio para lograr maior responsabilidade e respecto ás normas. Ao mesmo tempo, búscase incrementar o autocontrol e a responsabilidade compartida nas vías, así como dotar as persoas participantes de recursos, medios e análise crítica para corrixir ideas distorsionadas sobre a conducción e a responsabilidade na estrada.

Sáudos,

Se desexan solicitar **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal